

A sala estaba iluminada polas lapas do lume da lareira. Alí estaban varias docenas de ollos inquedados a mirar para todos os lados e para ningures. O aire estaba quedo e era respirado polos narices dunha forma pesada e lenta. Os murmurios percorrían o sitio de parade a parede, do teito ao chan, da boca ao ouvido. Ninguén dos alí presentes escoitaba o forte vento quente que se levantara; todos tiñan as súas orellas dirixidas en dirección á lareira, aos tres personaxes que ocupaban o plano principal da escena: Don Florencio, Xil e Miguel, quen fora o que convocara a reunión.

A iso das seis da tarde todos os veciños de Póboa sabían que había unha xuntanza na *casa do Suízo* ás tres da madrugada e que nela ía falar Xil dunha cousa moi importante. Os do exército non debían sabelo: a cousa era secreta.

(...)

Entre as dúas e as tres a xente foi chegando á casa. En pouco tempo quedou ocupado o baixo da vivenda, espazoso e sen dividir, ao igual que o primeiro andar, e a xente sentou no chan ou nas escaleiras que conducían ao piso de arriba. A lareira levaba encendida desde as doce e alí preparáranse uns chouriciños; a iso das tres e cuarto a xente xa tiña un bo anaco metido no pan e un pouco de viño nun vaso de plástico –cortesía de Roberto, que tivera un bo ano en Ribadavia, a súa terra natal–: Miguel si que sabía gardar a casa dun amigo.

Fora fácil chegar ata alí sen que as dúas patrullas que vagaban pola rúa da aldea os viran. Deslizáronse polos canellóns escuros, coma sombras, coma un alento, polas rúas estreitas que facían ás veces de labirinto para os descoñecidos. Cruzaron un par de veigas e alí se chantaron. Chegar ata alí fora moi doado: os dez soldados que compuñan ámbalas dúas patrullas daban a derradeira rolda poucos minutos despois de que a torre da igrexa dese a última badalada das once. Percorrían algunha que outra canella, subían e baixaban a rúa principal, a estrada que vai a Poia, falaban un pouco cos dos postos, baixaban polo escuro camiño que leva a Pardosa e, a iso das doce da noite, púñanse no adro da igrexa a falar ou a xogar as cartas ata que, preto das sete da mañá, marchaban, unha para o posto do alto da estrada, outra para a que está na saída da aldea.

Xil comezara a sospeitar xa o día anterior, no que se deran os primeiros casos da “febre bovina”. Cando a xente empezou a andar solta do ventre, a ter febre bastante alta, enseguida as sospeitas dirixíronse cara a un lado; e non sabía por que. Estrañárase bastante que na súa casa ninguén se puxera malo pero supuxo que a sorte non tardaría moito en mudarse en mala.

No día seguinte, cando espertou e comprobou que toda a súa familia estaba ben e logo comprobou que no resto da aldea non había nin unha soa familia que non tivera a un familiar infectado con esa estraña febre, asombrouse de verdade e a súa cabeza empezou a traballar en serio.

Pasou parte da mañá e toda a comida a matinar en todo o acontecido e máis aínda cando viu a ese “monicreque do Predicador” nas noticias.

“A enfermidade éche en si moi rara”, pensara. “Raro non é que tan só colla á xente vella ou adulta; a xente moza aguanta moito. O raro é que aparecese dun día para outro e que logo veña *ese* a enganarnos dicindo que a febre vén das vacas; cando ningún de nós come as vacas e becerros que cría desde o inverno pasado.”

–E foi así, pensando, cando mentres estaba a durmir a sesta encendéuseme eiquí –dixo sinalando a súa cabeza media calva, media cuberta de neve–, un candil e dinme conta do que os do exército inventaran para manternos en fóra de xogo.

–O que? –preguntaron case que todos ao mesmo tempo nun murmurio único.

-Antes de nada sería mellor que dixera como cheguei ata esa conclusión –ante o asentimento unitario dos alí presentes Xil continuou–. O caso é que eu me atopaba na eira da miña casa, á sombra do carballo que teño, aquel carballo que plantara eu coa axuda do meu pai hai xa sesenta e tres anos (fíxoos en abril), tombado nunha tumbona, que me regalou o verán pasado o meu xenro, e a barallar sobre o que xa comentei, sobre a razón de cómo aparecera esa enfermidade.

“Eu xa estaba a adormecer cando á miña memoria de vello veume o dato importante de que a enfermidade tiña como síntoma o da caganeira. Pensei entón que tiña que ser por culpa de ter tomado algo malo, pero logo díxenme que iso non podía ser así porque era moi raro que todo o mundo tomase a mesma cousa en mal estado... Ata que me lembrei *deses*, eses si que poderían ter dado algo que estivera malo. Máis logo díxenme que iso tampouco podía ser certo xa que eu recordaba ter collido algo de cear na furgoneta do exército... pero...”. E botou un silencio sepulcral a todos os que estaban presentes, ansiosos, devezosos por saber no que reparara a cabeza de Xil...

(...)

-Curso, ho! Segues ou que? -preguntou unha voz perdida no baixo. Xil tomouse con calma a cousa. Sen facer caso da voz colleu o seu vaso de viño, mollou os beizos, saboreu un pouco o caldo pegando a lingua contra o padal e tragouno.

-O gato- dixo ao fin. Ante a mirada interrogante do grupo proseguíu: O gato tivo a culpa de que eu descubrixe o que *eses* están a facer con nós.

“Lembreime, na tumbona, de que esa mañá comprara peixe fresco... unhas xardiñas para a noite. Había tamén bacallau, peixe sapo, rapante... Só peixe; nada de carne. Esa noite era para comer esas xardiñas, pero o gato adiantóusenos; ben, o gato e mais a súa familia, que a conta de nós zamparon todo o peixe que Gabriela deixara na cociña de lareira. E foi entón cando eu souben que a miña familia non tivera esa febre porque non tomamos o peixe envelenado que nos deran os do exército”.

-Pero iso non pode ser! -afirmaba Carlos. Para que ían querer o Predicador envelenarnos?

-Ti que cres? -intervira Miguel abortando a resposta de Xil que ía saír da boca.

-Pois... -Carlos duvidou.

-Para que non lles deamos guerra -contestara Albino, que –como a maioría da xente– xa parecía que estaba mellor.

-Exacto! -exclamara Xil.

-Non mo podo crer -afirmara Carlos.

-Non? -preguntara non moi asombrado Xil.

-Non -reafirmárase o outro.

-Entón, como podes explicar o que os meus gatos non apareceran desde entón se eles están a todas horas pola miña casa?

-Pois... -dubidara Carlos- Non podería estar o peixe podre?

- Podre? -exclamara Miguel algo sorprendido- Había tempo que non tomaba un peixe tan fresco! Se se notaba que o acababan de sacar da ría!

-E aparte -quixo dicir Xil- Como explicas que esa caganeira só lles afectara os vellos e aos mozos nada se todos aquel día –menos a miña familia– comeron peixe? Eh?

-Pois...